



2021

UNHA
ODISEA

NO
PAZO

Do final e do comezo

2021 :
unha odisea no pazo

Traballos de graduadas/os
en Belas Artes

EXPOSICIÓN

Organizan

Concello de Pontevedra
Facultade de Belas Artes de Pontevedra

Produce

Facultade de Belas Artes de Pontevedra

Comisariado e coordinación

M^a Covadonga Barreiro Rodríguez-Moldes
Sonia Tourón Estévez

PUBLICACIÓN

Edita

Universidade de Vigo

Patrocina

Universidade de Vigo

Textos

Xosé Manuel Buxán Bran
M^a Covadonga Barreiro R-Moldes e Sonia Tourón Estévez
As/os artistas

Coordinación

M^a Covadonga Barreiro Rodríguez-Moldes
Sonia Tourón Estévez

Revisión lingüística

Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo

Fotografías

Obras en exposición: Lara Abeledo
Performances: M^a Covadonga Barreiro e Sonia Tourón

Impresión

Rodi Artes Gráficas

ISBN: 978-84-8158-946-7

Depósito Legal: VG 482-2022

CONCELLO DE PONTEVEDRA

Alcalde

D. Miguel Anxo Fernández Lores

Concelleira de Cultura

Dna. Carmen Fouces Diz

UNIVERSIDADE DE VIGO

Reitor

D. Manuel Joaquín Reigosa Roger

Vicerreitora do Campus de Pontevedra

Dna. Eva María Lantarón Caeiro

Decano da Facultade de Belas Artes

D. Xosé Manuel Buxán Bran



2021


UNHA
ODISEA

NO
PAZO

Do final e do comezo

2021 :
unha odisea no pazo

Traballos de graduadas/os
en Belas Artes



ÍNDICE

TEXTOS

D. Xosé Manuel Buxán Bran	7
Mª Covadonga Barreiro Rodríguez-Moldes e Sonia Tourón Estévez	10

DO FINAL E DO COMEZO 2021: PROXECTOS

Nahir Álvarez Monzón	20
María Barca Pensado	22
Mateo Barcia Bermejo	24
Doira Barrio Paratcha	26
Rosalía Bello Cao	28
Carolina Bouza Calvo	30
Sara Camaño Pena	32
Noa Castro Lema	34
Lara Cores Piñeiro	36
Susana Díaz Pérez	38
Pepe Eiras Martínez	40
Bea Fernandes	42
Carla Fernández Araújo	44
Helena Fernández Sánchez	46
Nuria Ferreiro Amoedo	48
Laura Ferro Garrido	50
Uxía Francisco Rial	52
Ana Gómez Suárez	54
Ricardo Lede	56
Daniel Jácome Rodríguez	58
Manuel Lema Álvarez	60
Lucía Lobelle González	62
Nicolás López da Motta	64
Alba Matilla Iglesias	66
Sabela Mato Gómez	68
Anubis Muñoz Orta	70
Cora Novoa Pérez	72
Ana Núñez Migón	74
Beatriz Paniagua González	76
Laura Pérez Fernández	78
Wêdyla Rodrigues de Alcántara	80
Andrea Rodríguez Eiras	82
Samuel Rodríguez González	84
Sofía San Claudio Yáñez	86
Aarón Santos Comesaña	88
Ruth Vidal Suárez	90
Luis Villanueva Ansedes	92
Antón Yáñez Souto	94
PERFORMANCES	96

UNHA ODISEA NO PAZO / THE YEAR WE MAKE CONTACT	98
--	----


Entrada



Do final e do comezo

2021 :
unha odisea no pazo

Do 3 ao 28 de Setembro

 Universidade de Santiago de Compostela

D. Xosé Manuel Buxán Bran

Decano da Facultade de Belas Artes

De 2012 a 2021

En 2012 mentres era decano de Belas Artes Juan Carlos Meana, inicia a súa andadura o proxecto «Do final e do comezo: traballos de graduados/as en Belas Artes». El mesmo será o comisario desa primeira exposición de traballos de fin de grao que desde entón se continuaría ininterrompidamente con ese mesmo título e idéntico espazo: o Pazo de Cultura de Pontevedra, pertencente ao Concello de Pontevedra. Despois do profesor Meana seguiríanlle no comisariado, ou na coordinación da mostra, o seguinte profesorado da nosa facultade: Silvia García (nas dúas seguintes edicións), Susana Cendán, Javier Tudela, Nono Bandera, Loreto Blanco e Ignacio Barcia. Desta volta, para encarar unha edición que semella dupla –tras a crise da covid-19–, fan as funcións de comisarias as profesoras M^a Covadonga Barreiro e Sonia Tourón. Esa listaxe de nomes amosa ben a diversidade de profesorado que mantivo acesa a luz desta mostra tan fermosa coma diversa e que resulta, sen dúbida, o mellor e máis extraordinario xeito de celebrar a graduación de cada nova promoción da nosa facultade.

Por suposto, cada nova edición contou sempre cunha coidada publicación, un catálogo que resumiu e reuniu canto alí se foi amosando. Ao cabo, centos de páxinas inzadas de textos e de imaxes que son a mellor crónica posible da nosa historia como Facultade de Belas Artes e que historian para o futuro o traballo feito polo alumnado.

O mantemento e o coidado deste proxecto expositivo, que antes ca min aloumiñaron o decano Meana e logo a decana Silvia García, é algo absolutamente vital para a nosa facultade. Isto é un dos mellores xeitos de darlle a coñecer cada ano á cidade, que nos acolle, os resultados da creación e da investigación en belas artes dos nosos egresados e egresadas; ademais, nunha sala da importancia e da entidade como é o Pazo da Cultura de Pontevedra. De aí, o lóxico agradecemento desta facultade cara ao Concello de Pontevedra que sempre coidou deste «Do final e do comezo».

Só me queda darlles os parabéns ás comisarias, as profesoras Barreiro e Tourón, polo enorme esforzo realizado para darlle unha nova reviravolta a esta novena exposición do ciclo, moito máis complexa ca as anteriores, dado o volume de artistas implicados ao tratarse das dúas últimas promocións da facultade. Agradézolle ao alumnado a paixón e a enerxía creadora amosada coas obras expostas. Por suposto, grazas á Concellaría de Cultura de Pontevedra por seguir a crer en nós. E, claro está, ao PDI, PAS e alumnado que seguen a facer posible canto vemos nesa exposición anual e que, desta volta, tivemos todos e todas a honra de celebrar este pasado setembro de 2021.

D. Xosé Manuel Buxán Bran

Decano de la Facultad de Bellas Artes

De 2012 a 2021

En 2012 mientras era decano de Bellas Artes Juan Carlos Meana, inicia su andadura el proyecto «Do final e do comezo: traballos de graduados/as en Belas Artes». Él mismo será el comisario de esa primera exposición de trabajos de fin de grado que desde entonces se continuaría ininterrumpidamente con ese mismo título e idéntico espacio: el Pazo de Cultura de Pontevedra, perteneciente al Concello de Pontevedra. Después del profesor Meana le seguirán en el comisariado, o en la coordinación de la muestra, el siguiente profesorado de nuestra facultad: Silvia García (en las dos siguientes ediciones), Susana Cendán, Javier Tudela, Nono Bandera, Loreto Blanco e Ignacio Barcia. En esta ocasión, para encarar una edición que parece doble –tras la crisis de la covid-19–, hacen las funciones de comisarias las profesoras M^a Covadonga Barreiro y Sonia Tourón. Ese listado de nombres muestra bien la diversidad de profesorado que mantuvo encendida la luz de esta muestra tan hermosa como diversa y que resulta, sin duda, la mejor y más extraordinaria manera de celebrar la graduación de cada nueva promoción de nuestra facultad.

Por supuesto, cada nueva edición contó siempre con una cuidada publicación, un catálogo que resumió y reunió cuanto allí se fue mostrando. Finalmente, cientos de páginas llenas de textos y de imágenes que son la mejor crónica posible de nuestra historia como Facultad de Bellas Artes y que historian para el futuro el trabajo hecho por el alumnado.

El mantenimiento y el cuidado de este proyecto expositivo, que antes que yo acariciaron el decano Meana y luego la decana Silvia García, es algo absolutamente vital para nuestra facultad. Es una de las mejores maneras de darle a conocer cada año a la ciudad, que nos acoge, los resultados de la creación y de la investigación en bellas artes de nuestros graduados y graduadas; además, en una sala de la importancia y de la entidad como es el Pazo da Cultura de Pontevedra. De ahí, el lógico agradecimiento de esta facultad hacia el Concello de Pontevedra que siempre cuidó de este «Do final e do comezo».

Solo me queda darles la enhorabuena a las comisarias, las profesoras Barreiro y Tourón, por el enorme esfuerzo realizado para darle un nuevo giro a esta novena exposición del ciclo, mucho más compleja que las anteriores, dado el volumen de artistas implicados al tratarse de las dos últimas promociones de la facultad. Le agradezco al alumnado la pasión y la energía creadora mostrada con las obras expuestas. Por supuesto, gracias a la Concellería de Cultura de Pontevedra por seguir creyendo en nosotros. Y, claro está, al PDI, PAS y alumnado que siguen haciendo posible cuanto vemos en esa exposición anual y que, en esta ocasión, tuvimos todos y todas el honor de celebrar este pasado septiembre de 2021.



M^a Covadonga Barreiro Rodríguez-Moldes e Sonia Tourón Estévez

Comisarias da exposición

Esta é unha mensaxe informativa pregravada feita antes do seu embarque e que, por motivos de seguridade da máis alta importancia, foi coñecida a bordo durante a misión só pola súa computadora HAL 9000. Agora que están no espazo de Xúpiter e todos os tripulantes están reanimados, podemos contarllo. Hai dezaioito meses, a primeira proba de vida intelixente fóra da Terra foi descuberta. Estaba enterrada doce metros debaixo da superficie lunar, preto do cráter Tycho. Excepto por unha soa e moi poderosa emisión de radio dirixida a Xúpiter, o monólito de 4 millóns de anos de idade permaneceu inerte e a súa orixe e propósito seguen sendo un misterio.

2001: A Space Odyssey, Stanley Kubrick (1967)

Este texto inicial, retirado do filme de Stanley Kubrick *2001: Unha odisea no espazo*, cumpre a función de introducirmos nunha mostra que, dun xeito excesivo pero tamén informal, se nos antollou comparar dende o inicio da súa coordinación e comisariado, cunha verdadeira misión espacial.

Por múltiples motivos estamos agora realmente contentas e satisfeitas de poder presentar o catálogo que recolle o que foi a edición 2021 da mostra «Do final e do comezo». Pois se xa de seu é sempre unha celebración e un orgullo partillar publicamente os traballos do estudantado da facultade, nesta ocasión pensamos que se deron unhas circunstancias que fixeron desta unha exposición moi especial.

«Do final e do comezo» é unha mostra que se repite anualmente no Pazo da Cultura, dende o ano 2012, e que acolle unha selección dos traballos de fin de grao presentados na Facultade de Belas Artes de Pontevedra. Tradicionalmente supón un momento de transición entre a culminación da etapa académica e a apertura ao contexto cultural e social que aproxima as persoas acabadas de egresar ao ámbito profesional.

Despois de oito exposicións consecutivas, e debido aos motivos que xa coñecemos, en 2020 non se puido realizar. Por iso, desta vez decidiuse darlles entrada nesta edición a dúas promocións de graduados e graduadas. Dúas xeracións ás que a pandemia sorprendeu no seu final de carreira, e que precisamente desenvolveron os seus proxectos artísticos no medio dunha situación complexa, restritiva e incerta.

Moitos dos traballos de fin de grao presentados nunca antes se mostraron publicamente ao vivo, xa que a situación sociosanitaria chegou a impedir a súa defensa presencial na facultade, tal e como era previsto. Por isto resultou tan ilusionante esta exposición, porque nos fixo descubrir realmente esta sorte de proxectos confinados e festexar por fin a súa existencia. Pois a arte require dun público espectador do mesmo xeito ca nós, como espectadoras, tamén precisamos que a arte se faga presente.

E nesta incerteza dos momentos que vivimos, de mudanzas, riscos e restricións, o propio espazo expositivo tamén sufriu a súa propia revolución e transformación. Por iso coidamos que esta exposición supuxo simbolicamente un eido de resistencia e avance, afianzando cuestións importantes e dificilmente negociables, como a presenza necesaria das artes e a súa relación co público espectador; e avanzando outras, como a coexistencia do espazo virtual, a comunicación en rede e a implicación de todos e todas na construción dun novo tecido cultural nesta «nova normalidade» que transitamos.

Esta publicación, que deriva da exposición, recolle e sintetiza o traballo de trinta e oito artistas que se graduaron nos anos 2020 e 2021 –escollidos entre os oitenta que se presentaron á convocatoria–, e pretende ser plural e representativa, no sentido de tratar temáticas moi diversas e asumir materializa-

cións heteroxéneas. Deste xeito, no espazo expositivo do Pazo da Cultura conviviron pintura, escultura, debuxo, fotografía, vídeo, instalación, ilustración e tamén dúas *performances*, que se sumaron á programación de actividades propostas durante a vixencia da exposición.

Ademais disto, nesta ocasión a exposición tivo a oportunidade de viaxar por primeira vez, cruzar o Miño e aterrar na sala de exposicións do Cine-Teatro João Verde, na vila de Monção, en Portugal. Nesta sala, a mostra presentouse nunha versión máis reducida debido a unha necesaria adaptación ao espazo –mais mantendo o número total de proxectos e de artistas participantes– e adoptou o título *The Year We Make Contact*. Este novo nome evidencia a ansiada posibilidade de contacto e de relación nesta fase da pandemia asumindo o título da adaptación cinematográfica do libro de Arthur C. Clarke *2010: Odisea dúas*, dirixida por Peter Hyams en 1984, que resulta unha secuela da primeira *2001: Unha odisea no espazo*.

Toda misión, máis ou menos espacial, é produto do traballo en equipo, e por iso son tan importantes os recoñecementos e os agradecementos. Neste caso, queremos agradecer sobre todo, de xeito persoal, a confianza que tanto desde o concello coma desde a facultade se depositou en nós para realizar esta exposición. Agradecemoslle ao Servizo de Infraestruturas Culturais do Concello de Pontevedra, e directamente á concelleira Dña. Carmen Fouces, a cesión do magnífico espazo expositivo, así como a posta a disposición dos recursos económicos, materiais e humanos necesarios para acometer esta empresa.

Así mesmo, a nosa gratitude á Plataforma de Arte e Cultura da Cámara Municipal de Monção, pola cesión do espazo expositivo, e a D. Ricardo de Campos pola súa coordinación e disposición, que posibilitou a exposición deste proxecto alén das nosas fronteiras. Tamén lle damos as grazas ao equipo decanal da facultade, e moi especialmente ao decano D. Xosé Manuel Buxán, que pensase en nós como dúo e que nos propuxese este desafío en tándem.

E, finalmente, agradecemoslles aos e ás artistas, auténticos protagonistas desta odisea no pazo, a súa participación, compromiso e implicación. E desexámoslles a maior das sortes en todo o que vaian emprender a partir de agora, pois esta mostra coa que culminaron a súa etapa académica non é nunca un final ou unha despedida, senón que a viaxe –a verdadeira odisea– acaba de comezar para todos eles e elas.





M^a Covadonga Barreiro Rodríguez-Moldes y Sonia Tourón Estévez

Comisarias de la exposición

Este es un mensaje informativo pregrabado hecho antes de su embarque y que, por motivos de seguridad de la más alta importancia, fue conocido a bordo durante la misión solo por su computadora HAL 9000. Ahora que están en el espacio de Júpiter y todos los tripulantes están reanimados, podemos contárselo. Hace dieciocho meses, la primera prueba de vida inteligente fuera de la Tierra fue descubierta. Estaba enterrada doce metros debajo de la superficie lunar, cerca del cráter Tycho. Excepto por una sola y muy poderosa emisión de radio dirigida a Júpiter, el monolito de cuatro millones de años de edad permaneció inerte y su origen y propósito siguen siendo un misterio.

2001: A Space Odyssey, Stanley Kubrick (1967)

Este texto inicial, extraído del film de Stanley Kubrick *2001: Una odisea en el espacio*, cumple la función de introducirnos en una muestra que, de una manera excesiva pero también informal, se nos antojó comparar desde el inicio de su coordinación y comisariado, con una verdadera misión espacial.

Por múltiples motivos estamos ahora realmente contentas y satisfechas de poder presentar el catálogo que recoge la que fue la edición 2021 de la muestra «Do final e do comezo». Pues si siempre es una celebración y un orgullo compartir públicamente los trabajos del estudiantado de la facultad, en esta ocasión pensamos que confluyeron unas circunstancias que hicieron de ésta una exposición muy especial.

«Do final e do comezo» es una muestra que se repite anualmente en el Pazo de la Cultura, desde el año 2012, y que acoge una selección de los trabajos de fin de grado presentados en la Facultad de Bellas Artes de Pontevedra. Tradicionalmente supone un momento de transición entre la culminación de la etapa académica y la apertura al contexto cultural y social que aproxima a las personas recién graduadas al ámbito profesional.

Después de ocho exposiciones consecutivas, y debido a los motivos que ya conocemos, en 2020 no se pudo realizar. Por eso, esta vez se decidió dar entrada en esta edición a dos promociones de graduados y graduadas. Dos generaciones a las que la pandemia sorprendió en su final de carrera, y que precisamente desarrollaron sus proyectos artísticos en medio de una situación compleja, restrictiva e incierta.

Muchos de los trabajos de fin de grado presentados nunca antes se habían mostrado públicamente, ya que la situación sociosanitaria llegó a impedir su defensa presencial en la facultad, tal y como era previsto. Por esto resultó tan ilusionante esta exposición, porque nos hizo descubrir realmente esta suerte de proyectos confinados y festejar por fin su existencia. Pues el arte requiere de un público espectador del mismo modo que nosotros, como espectadoras, también precisamos que el arte se haga presente.

Y en medio de esta incertidumbre de los momentos que vivimos, de cambios, riesgos y restricciones, el propio espacio expositivo también sufrió su propia revolución y transformación. Por eso creemos que esta exposición supuso simbólicamente un campo de resistencia y avance, afianzando cuestiones importantes y difícilmente negociables, como la presencia necesaria de las artes y su relación con el público espectador; y avanzando otras, como la coexistencia del espacio virtual, la comunicación en red y la implicación de todos y todas en la construcción de un nuevo tejido cultural en esta «nueva normalidad» que transitamos.

Esta publicación que deriva de la exposición, recoge y sintetiza el trabajo de treinta y ocho artistas que se graduaron en los años 2020 y 2021 –escogidos entre los ochenta que se presentaron a la convocatoria–, y pretende ser plural y representativa, en el sentido de tratar temáticas muy diversas y asumir materializaciones heterogéneas. De este modo, en el espacio expositivo del Pazo de la Cultura convivieron pintura, escultura, dibujo, fotografía, vídeo, instalación, ilustración y también dos *performances*, que se sumaron a la programación de actividades propuestas durante la vigencia de la exposición.

Además, en esta ocasión la exposición tuvo la oportunidad de viajar por primera vez, cruzar el Miño y aterrizar en la sala de exposiciones del Cine-Teatro João Verde, en el municipio de Monção, en Portugal. En esta sala, la muestra se presentó en una versión más reducida debido a una necesaria adaptación al espacio –pero manteniendo el número total de proyectos y de artistas participantes– y adoptó el título *The Year We Make Contact*. Este nuevo nombre evidencia la ansiada posibilidad de contacto y de relación en esta fase de la pandemia, y asume el título de la adaptación cinematográfica del libro de Arthur C. Clarke *2010: Odisea dos*, dirigida por Peter Hyams en 1984, que resulta una secuela de la primera *2001: Una odisea en el espacio*.

Toda misión, más o menos espacial, es producto de un trabajo en equipo, y por eso son tan importantes los reconocimientos y los agradecimientos. En este caso, queremos agradecer sobre todo, de manera personal, la confianza que tanto desde el ayuntamiento como desde la facultad se depositó en nosotros para realizar esta exposición. Agradecemos al Servicio de Infraestructuras Culturales del Concello de



Pontevedra, y directamente a la concejala Dña. Carmen Fouces, la cesión del magnífico espacio expositivo, así como la puesta a disposición de los recursos económicos, materiales y humanos necesarios para acometer esta empresa.

Asimismo, nuestra gratitud a la Plataforma de Arte y Cultura de la Câmara Municipal de Monção, por la cesión del espacio expositivo, y a D. Ricardo de Campos, por su coordinación y disposición, que posibilitó la exposición de este proyecto al otro lado de nuestras fronteras. También le damos las gracias al equipo decanal de la facultad, y muy especialmente al decano D. Xosé Manuel Buxán, que pensase en nosotras como dúo y nos propusiese este desafío en tándem.

Y, finalmente, agradecemos a los y a las artistas, auténticos protagonistas de esta odisea en el pazo, su participación, compromiso e implicación. Y les deseamos la mayor de las suertes en todo lo que vayan a emprender a partir de ahora, pues esta muestra con la que culminaron su etapa académica no es nunca un final o una despedida, sino que el viaje –la verdadera odisea– acaba de comenzar para todos ellos y ellas.








2021

VINHA
ODISEIA
NO
PAZO



NAHIR ÁLVAREZ MONZÓN

(Vigo, 1998)

22

Que título lle poñerías a un libro sobre a túa vida?

O libro ilustrado *Que título lle poñerías a un libro sobre a túa vida?* é unha especie de diario ou caderno de valores. Consiste na recompilación de reflexións, personaxes, situacións, noticias e citas que nos mostran os dous polos da vida: a parte boa e bonita e a parte mala e amarga. Todo o libro segue unha mesma estética, marcada polo puntillismo, a liña e o branco e negro. Despois na impresión empréganse diferentes texturas e xógase cos distintos tipos de papeis, así como coa encadernación.

Ter vivido determinadas situacións na miña vida e estudar psicoloxía durante un ano, antes de comezar Belas Artes, fíxome querer entenderme a min mesma e querer entender o que está a pasar ao meu redor. Esa famosa fase pola que pasan case todos os nenos e nenas na que preguntan a todo por que? Creo que nunca a superei. A día de hoxe sigo preguntándome o porqué de todo e sigo buscando unha explicación para a maioría das situacións, aínda que moitas veces non teñen resposta. Quizais esa tamén foi unha gran motivación para crear este libro.

Que título lle poñerías a un libro sobre a túa vida?, 2021 / Libro ilustrado / 21 x 21 cm
¿Qué título le pondrías a un libro sobre tu vida?, 2021 / Libro ilustrado / 21 x 21 cm





Que título le pondrías a un libro sobre a túa vida?, 2021 / Impresión dixital / Medidas variables
¿Qué título le pondrías a un libro sobre tu vida?, 2021 / Impresión digital / Medidas variables

Que título le pondrías a un libro sobre tu vida?

El libro ilustrado *¿Qué título le daría a un libro sobre su vida?* Es una especie de diario o cuaderno. Consiste en la recopilación de reflexiones, personajes, situaciones, noticias y citas que nos muestran los dos polos de la vida; la parte buena y hermosa y la parte mala y amarga. Todo el libro sigue la misma estética, marcada por el puntillismo, la línea y el blanco y negro. Posteriormente en la impresión se utilizan diferentes texturas y se juega con los diferentes tipos de papeles, así como con la encuadernación.

El haber vivido ciertas situaciones en mi vida y el haber estudiado un año de psicología previamente a empezar Bellas Artes, me han hecho querer entenderme y querer entender lo que pasa a mi alrededor. Esa fase tan famosa por la que pasan casi todos los niños en la que preguntan a todo ¿por qué? creo que yo nunca la he superado. A día de hoy sigo preguntándome el por qué de todo y sigo buscándole explicación a la mayor parte de las situaciones aunque muchas veces no tengan respuesta. Quizás eso también haya sido una gran motivación para crear este libro.

MARÍA BARCA PENSADO

(Carballo, 1996)

24

Buño de seu

Este proxecto nace do barro para despois pasar ás mans dos oleiros e oleiras de Buño. Mans que guían o barro no seu xiro e teñen nome, apelidos e, case sempre, alcume; mans que dan forma e crean as prolongacións precisas para imprimir personalidade ás súas creacións; mans que mesturan a vida cotiá co oficio, a familia co gremio, a casa co taller e a arte coa artesanía. Dez pares de mans que manteñen viva unha tradición oleira que lles veu de seu pero que sobrevive grazas ao seu propio esforzo.

(...) Porque todo isto pouco ten de meu e moito de seu. Das oleiras e oleiros que me abriron as portas dos seus talleres, que son as súas casas, e sempre tiveron un sorriso e tempo para min.

Buño de seu, 2021 / Fotolibro: 20 x 27 cm / Fotografía en branco e negro: 90 x 60 cm

Buño de seu

Este proyecto nace del barro para después pasar a las manos de los oleiros y oleiras de Buño. Manos que guían el barro en su giro y tienen nombre propio y apellidos; manos que dan forma y crean las prolongaciones necesarias para imprimir personalidad a sus creaciones; manos que mezclan la vida cotidiana con el oficio, la familia con el gremio, la casa con el taller y el arte con la artesanía. Diez pares de manos que mantienen viva una tradición oleira que «lles veu de seu» pero que sobrevive gracias a su propio esfuerzo.

(...) Porque todo esto tiene poco de mío y mucho «de seu». De las oleiras y oleiros que me abrieron las puertas de sus talleres, que son sus casas, y que siempre tuvieron una sonrisa y tiempo para mí.

Buño de seu, 2021 / Fotolibro: 20 x 27 cm / Fotografía en blanco y negro: 90 x 60 cm







MATEO BARCIA BERMEJO

(Madrid, 1996)

27

Etcétera

Este proxecto trata de reivindicar a nada e a insinuación na arte como necesidade e acto «revolucionario» nunha sociedade sobreexcitada e demasiado chea de cousas.

As obras «velada», termo que emprega Galder Reguera, opóñense á era de máxima transparencia que hoxe vivimos, nun mundo saturado onde, lonxe de ter tempo de gozar e discorrer sobre o que vemos, nos sentimos obrigados a realizar un esforzo titánico para pescar e cribar nesas augas de cor flúor e pastel das imaxes publicitarias e arte *cuqui* de Instagram; no fin de contas, unha lameira onde tentas xogar a facer rebotar pedras na súa superficie mentres xa estás atrapado e afundido ata os xeonllos. É unha situación paradoxal na que a percepción masiva de información nos cega, de igual maneira que, se entornas os ollos, o conxunto das follas dunha árbore forma unha única gran masa verde. Como describe certeiraamente José Saramago «Creo que non quedamos cegos, creo que estamos cegos, cegos que ven, cegos que, vendo, non ven».

Sen título (bodegón soterrado), 2021 / Terra, cráneo de cabra, ósos de cereixa, limón, ouro, brik de zume / 39 x 36 x 21 cm

Retrato de Benidorm, 2021 / Serigrafía / Tinta branca sobre papel branco / Cinco elementos: 102 x 70 cm c. u.


Etcétera

Este proyecto trata de reivindicar la nada y la insinuación en el arte como necesidad y acto «revolucionario» en una sociedad sobreexcitada y demasiado llena de cosas.

Las obras «veladas», término que emplea Galder Reguera, se oponen a la era de máxima transparencia que hoy vivimos, en un mundo saturado donde, lejos de tener tiempo de disfrutar y discorrir sobre lo que vemos, nos sentimos obligados a realizar un esfuerzo titánico para pescar y cribar en esas aguas de color flúor y pastel de las imágenes publicitarias y arte *cuqui* de Instagram; a fin de cuentas, un lodazal donde intentas jugar a hacer rebotar piedras en su superficie mientras ya estás atrapado y hundido hasta las rodillas. Es una situación paradójica en la que la percepción masiva de información nos ciega, de igual manera que, si entornas los ojos, el conjunto de las hojas de un árbol forma una única gran masa verde. Como describe certeramente José Saramago: «Creo que no nos quedamos ciegos, creo que estamos ciegos, ciegos que ven, ciegos que, viendo, no ven».

Sin título (bodegón enterrado), 2021 / Tierra, cráneo de cabra, huesos de cereza, limón, oro, tetrabrik de zumo / 39 x 36 x 21 cm

Retrato de Benidorm, 2021 / Serigrafía / Tinta blanca sobre papel blanco / Cinco elementos: 102 x 70 cm c.u.



DOIRA BARRIO PARATCHA

(Vigo, 1985)

28

O capital faime mal

Este proxecto expresa de forma multidisciplinaria o meu descontento co sistema capitalista e é reflexo de todas as miñas inquietudes por comprender como funciona o mundo.

Resulta curioso, por exemplo, o trato que se lle dá á práctica do ioga en Occidente, como se a práctica na súa totalidade se resumise, ou mellor dito, se centrase exclusivamente en estarricar os músculos, relaxarse e centrarse nunha mesma. Calquera físgoa espiritual, ideolóxica ou intelectual sobre o ioga termina no sumidoiro. Así é como unha práctica milenaria acaba despoxada de todo sentido ao pasar pola grande apisoadora capitalista. En efecto, os occidentais utilizamos o ioga como apósito de todos os nosos males posmodernos na nosa «sociedade do cansazo».

Os «Neoyoguis» son unha serie de cinco ilustracións que utilizan a ironía e o absurdo para criticar o uso occidental do ioga. Todas as ilustracións relacionan a fábula do burro e da cenoria con diferentes posturas de ioga, protagonizadas por personaxes sen fondo nin transfondo, por simples figuras humanas, sen historia.

Serie «Neoyogis»: *Árbore (Vriksasana)*, *Pinza (Uttasana)*, *Gran ángulo (Prasarita Padottanasana)*, *Arco (Dhanurasana)*, *Agua (Garudasana)*, 2020 / Ilustración dixital / 50 x 50 cm c. u.




El capital me sienta mal

Este proyecto expresa de forma multidisciplinar mi descontento con el sistema capitalista y es reflejo de todas mis inquietudes por comprender cómo funciona el mundo.

Resulta curioso, por ejemplo, el trato que se le da a la práctica del yoga en occidente, como si la práctica en su totalidad se resumiera, o mejor dicho, se centrara exclusivamente en estirar los músculos, relajarse y centrarse en una misma. Cualquier resquicio espiritual, ideológico o intelectual acerca del yoga termina en la alcantarilla. Así es como una práctica milenaria acaba despojada de todo sentido al pasar por la gran apisonadora capitalista. En efecto, los occidentales utilizamos el yoga como tiritita de todos nuestros males posmodernos en nuestra «sociedad del cansancio».

Los «Neoyoguis» son una serie de cinco ilustraciones que utilizan la ironía y el absurdo para criticar el uso occidental del yoga. Todas las ilustraciones relacionan la fábula del burro y la zanahoria con diferentes posturas de yoga, protagonizadas por personajes sin fondo ni trasfondo, por simples figuras humanas, sin historia.

Serie «Neoyoguis»: *Árbol (Vriksasana)*, *Pinza (Uttasana)*, *Gran ángulo (Prasarita Padottanasana)*, *Arco (Dhanurasana)*, *Águila (Garudasana)*, 2020/ Ilustración digital / 50 x 50 cm c. u.





ROSALÍA BELLO LAO

(A Coruña, 1999)

31

Aparicións urbanas sobre arte contemporáneo

Este proxecto é unha aproximación desde unha perspectiva académica a unha parte da arte urbana non oficial a través do cartelismo.

As intervencións no espazo público son unha forma de relacionar referentes académicos con referentes urbanos, ao mesmo tempo que se tratan conceptos complementarios como o público e o privado, a multiplicidade da obra e a orixinalidade do obxecto artístico, o perdurable e o efémero, así como a saturación de imaxes na cidade e a necesidade de descubrir novas formas de interactuar coa contorna.

Bruce Nauman, Marina Abramovic & Ulay e Esther Ferrer,
2021 Serigrafía sobre papel kraft / 110,5 x 132 cm, 81,5 x 110 cm e 150 x 110 cm

Apariciones urbanas sobre arte contemporáneo

Este proxecto es una aproximación desde una perspectiva académica a una parte del arte urbano no oficial a través del cartelismo.

Las intervenciones en el espacio público son una forma de relacionar referentes académicos con referentes urbanos, al mismo tiempo que se abordan conceptos complementarios como el público y el privado, la multiplicidad de la obra y la originalidad del objeto artístico, el perdurable y el efímero, así como la saturación de imágenes en la ciudad y la necesidad de descubrir nuevas formas de interactuar con el entorno.

Bruce Nauman, Marina Abramovic & Ulay y Esther Ferrer,
2021 Serigrafía sobre papel kraft / 110,5 x 132 cm, 81,5 x 110 cm y 150 x 110 cm



CAROLINA BOUZA CALVO

(San Sadurniño, 1997)

32

Insectiario

Insectiario é unha partida, un xogo de cartas. A historia foi construída a partir dunha batalla entre dous opoñentes, humano e natureza. Unha batalla que vivimos cada día levada ao meu mundo persoal repleto de personaxes grotescas e insectos. Mundo no que reflectín as miñas pantasma persoais, e para iso apoieime no debuxante Alfred Kubin, quen me axudou a descubrir estas pantasma e darlles nome e apelidos.

As interaccións entre personaxes dependerán das cartas que estes desexen poñer sobre a mesa: cooperar ou desertar. As regras veñen dadas polo xogo *O dilema do prisioneiro*, no cal o matemático Robert Axelrod e o biólogo W. D. Hamilton demostraron que estas mesmas regras se daban nas interaccións entre os seres vivos. Apoiándome nestas normas, creei as diferentes situacións posibles, o nacemento das especies, o seu desenvolvemento e un final que dependerá da última carta que desexemos xogar. Cooperar ou desertar.

Insectiario (tríptico), 2021 / Grafito e tinta china sobre papel / 70 x 100 cm c. u.
Insectiario, 2021 / Libro / 18 x 24 cm

Insectiario (tríptico), 2021 / Grafito y tinta china sobre papel / 70 x 100 cm c. u.
Insectiario, 2021 / Libro / 18 x 24 cm



Insectario

Insectario es una partida, un juego de cartas. La historia fue construida a partir de una batalla entre dos adversarios, humano y naturaleza. Una batalla que vivimos cada día llevada a mi mundo personal repleto de personajes grotescos e insectos. Mundo en el que reflejé mis fantasmas personales, y para eso me apoyé en el dibujante Alfred Kubin, quien me ayudó a descubrir estos fantasmas y darles nombre y apellidos.

Las interacciones entre personajes dependen de las cartas que estos deseen poner sobre la mesa: cooperar o desertar. Las reglas vienen dadas por el juego *El Dilema del Prisionero*, en el cual el matemático Robert Axelrod y el biólogo W. D. Hamilton demostraron que estas mismas reglas se daban en las interacciones entre los seres vivos. Apoyándome en estas normas, creé las diferentes situaciones posibles, el nacimiento de las especies, su desarrollo y un final que dependerá de la última carta que deseemos jugar. Cooperar o desertar.



SARA CAMAÑO PENA

(Moaña, 1999)

34

Arrastre. Reflexión sobre a miña propia vida

A través de agulla, tea e fío e eu mesma como base e punto de partida, o meu propio corpo é concibido como un obxecto de representación e de manipulacións que retorzo e deformo, co único obxectivo de aprender a quererme, aceptarme e coñecerme. Busco desesperada a miña identidade, tentando pescudar quen son exactamente e en que momento vital me atopo.

Este proxecto confórmase de pezas autobiográficas onde falo da soidade e da desilusión ante a vida, onde berro auxilio. Arrastro e cargo co meu corpo, un segundo eu cheo de traumas e de medos que tento superar. Aprendo a convivir comigo e a coñecerme como individuo.

Arrastre. Reflexión sobre a miña propia vida, 2021 / Vestido: Tecidos, fíos, goma espuma e kapok / 180 x 200 x 200 cm / Serie fotográfica: Impresión sobre lona / 150 x 100 cm c. u.

Arrastre. Reflexión sobre mi propia vida

A través de aguja, tela e hilo y yo misma como base y punto de partida, mi propio cuerpo es concebido como un objeto de representación y manipulaciones al que retuerzo y deformo, con el único objetivo de aprender a quererme, aceptarme y conocerme. Busco desesperada mi identidad, intentando averiguar quién soy exactamente y en qué momento vital me encuentro.

Este proyecto se conforma de piezas autobiográficas donde hablo de la soledad y la desilusión ante la vida, donde grito auxilio. Arrastro y cargo con mi propio cuerpo, un segundo yo lleno de traumas y miedos que intento superar. Aprendo a convivir conmigo y conocerme como individuo.

Arrastre. Reflexión sobre mi propia vida, 2021 / Vestido: Tejidos, hilos, goma espuma y kapok / 180 x 200 x 200 cm / Serie fotográfica: Impresión sobre lona / 150 x 100 cm c. u.






888-O mito da noite das mulleres e o seu embigo-888

Partindo da idea de rito, a obra *888-O mito da noite das mulleres e o seu embigo-888* supón a realización dun ritual paródico de autoveneración e autoliberación, levado a cabo por oito mulleres. Preténdese manifestar un bucle no que a imaxe relixiosa actúa aínda sobre a imaxe mediática máis popular como dispositivo de control dos corpos femininos, oprimíndoos e perpetuando canons e dogmas que, lonxe de superarse, permanecen moi vivos no imaxinario colectivo e supoñen toda unha serie de sacrificios innecesarios. O obxectivo da acción é que, a través do ritual, rompa o ciclo, se tome o control.

En *888* está presente o rito como unha actitude de esixencia, de toma de poder respecto a unha situación mitificada. A *videoperformance* construíuse sobre catro piares simbólicos: o cabelo, a muller-serea, a onfalo-vaxina e o número 8.

A noite das mulleres, 2021 / Videoproxección / 4 min

La noche de las mujeres, 2021 / Video-proyección / 4 min





O iconostasio e o embigo-vaxina, 2021 / Videoproyección / 8 min
El iconostasio y el ombligo-vagina, 2021 / Video-proyección / 8 min

888-El mito de la noche de las mujeres y su ombligo-888

Partiendo de la idea de rito, la obra *888-El mito de la noche de las mujeres y su ombligo-888* supone la realización de un ritual paródico de autoveneración y autoliberación, llevado a cabo por ocho mujeres. Se pretende poner de manifiesto un bucle en el que la imagen religiosa actúa aún sobre la imagen mediática más popular como dispositivo de control de los cuerpos femeninos, oprimiéndolos y perpetuando cánones y dogmas que lejos de superarse, permanecen muy vivos en el imaginario colectivo y suponen toda una serie de sacrificios innecesarios. El objetivo de la acción es que, a través del ritual, rompa el ciclo, se tome el control.

En 888, está presente el rito como una actitud de exigencia, de toma de poder respecto a una situación mitificada. A *videoperformance*, se construyó sobre cuatro pilares simbólicos: el cabello, la mujer-sirena, el ómphalos-vagina y el número 8.



Introversión

Introversión (sustantivo feminino):

Tendencia a concentrarse no mundo interior, nos propios pensamentos, con abstracción do mundo exterior.

Este proxecto pretende envolvernos (arroparnos) nun mundo idealizado onde as formas dialogan entre si na profundidade de grandes volumes e plasticidade. Unha instalación onde cada persoa poida sentir as súas propias emocións e sentimentos. Esta é unha síntese onde restos e desperdicios de bolsas de plástico relatan o fráxil, obsesiva e retorcida que pode ser a mente humana, a pesar de ser algo tan resistente, flexible e sinxelo como a materia que é o plástico.



Introversión

Introversión (sustantivo femenino):

Tendencia a concentrarse en el mundo interior, nuestros propios pensamientos, con abstracción del mundo exterior.

Este proyecto pretende envolvernos (arroparnos) en un mundo idealizado donde las formas dialogan entre sí en la profundidad de grandes volúmenes y plasticidad. Una instalación donde cada persona pueda sentir sus propias emociones y sentimientos, esta es una síntesis donde restos y desperdicios de bolsas de plástico relatan el frágil, obsesiva y retorcida que puede ser la mente humana, a pesar de ser algo tan resistente, flexible y sencillo como la materia que es el plástico.

Isto non é unha bolsa, 2021 / Instalación. Plásticos e restos reutilizados, aluminio inox. / 150 x 400 x 150 cm

Esto no es una bolsa, 2021 / Instalación. Plásticos y restos reutilizados, aluminio inox. / 150 x 400 x 150 cm

Studiowork 1, 2021 / Arame e plástico reutilizado / 30 x 50 x 30 cm

Studiowork 1, 2021 / Alambre y plástico reutilizado / 30 x 50 x 30 cm



SUSANA DÍAZ PÉREZ

(Sanxenxo, 1998)

41

Dormir baixo terra

Este proxecto lévase a cabo mediante o medio fotográfico. Elaborado principalmente dentro do xénero do bodegón, concretamente a vanitas, componse dunha serie de imaxes que procuran crear un diálogo á vez que comparten unha experiencia persoal.

Desde a propia mirada subxectiva da autora, tenta expresar todos aqueles sentimentos e emocións que se atopan no seu interior, debido a unha situación difícil de dixerir como é o cancro dun familiar. Desta maneira, o obxectivo da artista é utilizar esta circunstancia como pretexto para crear diferentes imaxes, empregando o recurso das vanitas coa finalidade de compartir a súa situación a través dunha introspección.

Dormir baixo terra, 2021 / Sublimación sobre tea / Oito elementos: 20 x 75 x 5 cm aprox. c. u.

Dormir bajo tierra

Este proyecto se lleva a cabo mediante el medio fotográfico. Elaborado principalmente dentro del género del bodegón, concretamente las vanitas, se compone de una serie de imágenes que buscan crear un diálogo a la vez que comparten una experiencia personal.

Desde la propia mirada subjetiva del autor, intenta expresar todos aquellos sentimientos y emociones que se encuentran en su interior, debido a una situación difícil de digerir como es el cáncer de un familiar. De esta manera, el objetivo del artista es utilizar esta circunstancia como pretexto para crear diferentes imágenes, empleando el recurso de las vanitas con la finalidad de compartir su situación a través de una introspección.

Dormir bajo tierra, 2021 / Sublimación sobre tela / Ocho elementos: 20 x 75 x 5 cm aprox. c. u.



PEPE EIRAS MARTÍNEZ

(Lousame, 1972)

42

Sombra: o obxecto confrontado

A sombra, inabarcable na súa totalidade, é o elemento poliédrico no que só se desgaxa unha pequena parte, xerada de forma intencionada, para crear paisaxes escultóricas de relevo ficticio ou de transformación da escultura. Ao obstaculizar o feixe de luz proxectado sobre o obxecto, complementábase este e fúrtaselle todo o seu protagonismo para radicar a atención na sombra.

Esta dicotomía sucesiva baséase na modificación condicionada da luz co obxecto e deste coa sombra xerada. Pero na sombra non acaba a viaxe, senón que serve como alternativa á formulación física da propia escena. As catro partes da obra: luz, obxecto, sombra e persoa, unhas veces complementábase tautoloxicamente e outras, esgrimen as súas acepcións atopadas.

Sombra: el objeto confrontado

La sombra, inabarcable en su totalidad, es el elemento poliédrico en el que solo se merma una pequeña parte, generada de forma intencionada, para crear paisajes escultóricos de relieve ficticio o de transformación de la escultura. Al obstaculizar el manojo de luz proyectado sobre el objeto, se complementa este, y se le hurta todo su protagonismo, radicando la atención en la sombra.

Esta dicotomía sucesiva se basa en la modificación condicionada de la luz con el objeto y de este con la sombra generada. Pero en la sombra no acaba el viaje, sino que sirve cómo alternativa al planteamiento físico de la propia escena. Las cuatro partes de la obra: luz, objeto, sombra y persona, unas veces se complementan tautológicamente y otras, esgrimen sus acepciones encontradas.



Sombra: o obxecto confrontado IX, 2020 / Cartón pluma e luz / Escultura: 35 x 12 x 10 cm

Sombra: el objeto confrontado IX, 2020 / Cartón pluma y luz / Escultura: 35 x 12 x 10 cm

Sombra: o obxecto confrontado VII, 2020 / Cartón pluma e fotografía / Escultura: 35 x 12 x 10 cm / Fotografía: 80 x 80 cm

Sombra: el objeto confrontado VII, 2020 / Cartón pluma y fotografía / Escultura: 35 x 12 x 10 cm / Fotografía: 80 x 80 cm



Handwritten text covering a large wall, appearing as a dense grid of small characters or numbers, possibly a data table or a form. The text is too small to be legible.

Handwritten numbers in a grid format, likely representing a calendar or a data table. The numbers are arranged in rows and columns, with some numbers appearing to be dates (e.g., 01/01/09, 02/01/09, etc.).

01/01/09	02/01/09	03/01/09	04/01/09	05/01/09	06/01/09	07/01/09	08/01/09	09/01/09	10/01/09	11/01/09	12/01/09	01/02/09	02/02/09	03/02/09	04/02/09	05/02/09	06/02/09	07/02/09	08/02/09	09/02/09	10/02/09	11/02/09	12/02/09	01/03/09	02/03/09	03/03/09	04/03/09	05/03/09	06/03/09	07/03/09	08/03/09	09/03/09	10/03/09	11/03/09	12/03/09	01/04/09	02/04/09	03/04/09	04/04/09	05/04/09	06/04/09	07/04/09	08/04/09	09/04/09	10/04/09	11/04/09	12/04/09	01/05/09	02/05/09	03/05/09	04/05/09	05/05/09	06/05/09	07/05/09	08/05/09	09/05/09	10/05/09	11/05/09	12/05/09	01/06/09	02/06/09	03/06/09	04/06/09	05/06/09	06/06/09	07/06/09	08/06/09	09/06/09	10/06/09	11/06/09	12/06/09	01/07/09	02/07/09	03/07/09	04/07/09	05/07/09	06/07/09	07/07/09	08/07/09	09/07/09	10/07/09	11/07/09	12/07/09	01/08/09	02/08/09	03/08/09	04/08/09	05/08/09	06/08/09	07/08/09	08/08/09	09/08/09	10/08/09	11/08/09	12/08/09	01/09/09	02/09/09	03/09/09	04/09/09	05/09/09	06/09/09	07/09/09	08/09/09	09/09/09	10/09/09	11/09/09	12/09/09	01/10/09	02/10/09	03/10/09	04/10/09	05/10/09	06/10/09	07/10/09	08/10/09	09/10/09	10/10/09	11/10/09	12/10/09	01/11/09	02/11/09	03/11/09	04/11/09	05/11/09	06/11/09	07/11/09	08/11/09	09/11/09	10/11/09	11/11/09	12/11/09	01/12/09	02/12/09	03/12/09	04/12/09	05/12/09	06/12/09	07/12/09	08/12/09	09/12/09	10/12/09	11/12/09	12/12/09
----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------

BEA FERNANDES

(Bilbao, 1986)

45

3652 días

3652 días é unha obra audiovisual composta por un mural e dous vídeos: *O silencio [xa] non existe*, de carácter experimental, e a homónima *3652 días*, de carácter performático. O concepto principal da obra é o autorretrato a través da viaxe no tempo da memoria e dos recordos, e o espazo que estes habitan, a través do fío condutor de dúas experiencias vitais propias: a relación coa miña nai e o padecemento de acúfenos.

O título refírese aos 3652 días nos que non tiven contacto coa miña nai, emigrante portuguesa en Bilbo, cidade onde aínda reside, e que orixinou a miña fuxida desde Euskadi a Galicia. *3652 días* é un exercicio introspectivo, un percorrido temporal a través da miña memoria ao longo deses dez anos, sentidos desde o presente.

3652 días, 2020 / Carbón sobre parede: 275 x 400 cm /
Vídeo: 255 min

O silencio [xa] non existe, 2020 / Vídeo-performance /
7 min 50 s

3652 días

3652 días es una obra audiovisual compuesta por un mural y dos vídeos: *El silencio [ya] no existe*, de carácter experimental, y la homónima *3652 días*, de carácter performático. El concepto principal de la obra es el autorretrato a través del viaje en el tiempo de la memoria y los recuerdos, y el espacio que estos habitan, a través del hilo conductor de dos experiencias vitales propias: la relación con mi madre y el padecimiento de tinnitus.

El título se refiere a los 3652 días en los que no tuve contacto con mi madre, emigrante portuguesa en Bilbao, ciudad donde aún reside, y que originó mi huída desde Euskadi a Galicia. *3652 días* es un ejercicio introspectivo, un recorrido temporal a través de mi memoria a lo largo de esos diez años, sentidos desde el presente.

3652 días, 2020 / Carboncillo sobre pared: 275 x 400 cm /
Vídeo: 255 min

El silencio [ya] no existe, 2020 / Vídeo-performance /
7 min 50 s



CARLA FERNÁNDEZ ARAÚJO

(Vigo, 1999)

46

(Ojalá vivas en tempos interesantes)

Por mor da covid, na actualidade vivimos unha vida cotiá que xa non ten grandes historias nin unha liña temporal homoxénea á que non queda máis ca o conxunto indeterminado de presenzas acumuladas.

Este proxecto é un xogo entre a realidade e a ficción. Tomando como punto de partida a propia imaxe dun «confinamento» marcado pola distancia social como corpo de experiencia perceptiva, sensible e intelectual, xero unha serie de vídeos que reinterpretan a historia de diferentes obras que se comunican desde tempos non lineais. Selecciono materiais alleos, restos tomados, imaxes atopadas, apropiadas, desquitadas do que quixeron dicir na súa vida anterior ou formato orixinal para formar parte dunha narrativa completamente nova.

(Ojalá vivas en tempos interesantes), 2021 / Videoproxección / 10 min 57 s

(Ojalá vivas en tiempos interesantes)

A causa de la Covid actualmente vivimos una cotidianidad que ya no tiene ni grandes relatos ni línea temporal homogénea a la que no le queda más que el conjunto indeterminado de presencias acumuladas.

Este proyecto es un juego entre la realidad y la ficción. Tomando como punto de partida la imagen misma desde un “confinamiento” marcado por la distancia social como cuerpo de experiencia perceptiva, sensible e intelectual, genero una serie de videos reinterpretando la historia a partir de distintas obras que se comunican desde tiempos no lineales. Selecciono materiales ajenos, restos tomados, imágenes encontradas, apropiadas, desquitadas de lo que quisieron decir en su vida anterior o formato original para formar parte de una narrativa completamente nueva.

(Ojalá vivas en tiempos interesantes), 2021 / Video-proyección / 10 min 57 s





LA MADRIGUERA

Nº1

BIENVENIDA A

DISTOPÍA

SUBVERSIÓN DEL
DISCURSO CANÓNICO

•
INCONFORMISMO
SOCIAL

•
REINDIVIDUACIÓN

•
FEMINISMO

CHARACTERIZADAS



HELENA FERNÁNDEZ SÁNCHEZ

(A Coruña, 1998)

49

La Madriguera

La Madriguera é un proxecto visual composto por autorretratos, a maioría deles caracterizados, que combina fotografía e deseño nunha revista. A partir da miña propia experiencia como muller, a peza clave e ineludible da obra é o feminismo.

A revista convértese nunha crítica aos estereotipos que se forman arredor das mulleres, amosando a realidade agochada detrás delas, creando a través da fotografía e da caracterización unha liña cronolóxica que, visualmente, trata a deconstrución de roles e arquetipos dende o primeiro elo: Eva como primeira muller, ata a *feminazi* como último.

La Madriguera, 2020 / Revista / 21 x 29,7 cm

La Madriguera

La Madriguera es un proyecto visual compuesto por autorretratos, la mayoría de ellos caracterizados, combinando la fotografía y el diseño en una revista. Basándome en mi propia experiencia como mujer, la pieza clave e ineludible del trabajo es el feminismo.

La revista se convierte en una crítica de los estereotipos formados alrededor de la mujer, mostrando la realidad que se oculta tras ellos, creando a través de las fotografías y la caracterización una línea cronológica que, de forma visual, trata la deconstrucción de roles y arquetipos desde el primer eslabón, Eva como primera mujer, hasta la *feminazi* como último.

La Madriguera, 2020 / Revista / 21 x 29,7 cm



NURIA FERREIRO AMOEDO

(Ponte Caldelas, 1999)

50

Convite ao avercer

Convite ao avercer é un traballo de investigación e de creación que se vertebra a través da vinculación ao territorio, do agarimo á cultura popular e dos vencellos persoais con quen atesoura os saberes atávicos que se foron herdando de xeración en xeración. Pretende establecer unha relación directa entre a etnografía, a antropoloxía, a arte contemporánea e a etnomedicina. Percórrense conceptos como o de menciñeira ou o de albeite desde diversas perspectivas: a sociolóxica, a feminista, a literaria etc. A linguaxe poética que atravesamos ensalmos transmitidos oralmente durante séculos e obras como *Calibán e a Bruxa*, de Silvia Federici, tórnanse imprescindibles neste senso.

Texere, 2021 / Xoio trenzado e rafia / 117 x 111 x 4 cm

Córtote pezoña, 2020 / Corno de corzo, fíos, alfileres e cristal / 30 x 12 x 12 cm

No meu lumear, 2021 / Pote de ferro, carbón e sal / 29 x 63 x 63 cm

Alicornio I, 2021 / Cadeira e pólas de madeira, fíos e tesoiras / 137 x 171 x 47 cm

Alicornio II, 2021 / Banqueta e cravos / 53 x 29 x 29 cm

Convite ao avercer

Convite ao avercer es un traballo de investigación y creación que se vertebra a través de la vinculación al territorio, del cariño a la cultura popular y de los vínculos personales con quien atesora los saberes atávicos que se fueron heredando de generación en generación. Pretende establecer una relación directa entre la etnografía, la antropología, el arte contemporáneo y la etnomedicina. Se recorren conceptos como el de «menciñeira» o el de «albeite» desde diversas perspectivas: la sociológica, la feminista, la literaria, etc. El lenguaje poético que atraviesa a los ensalmos transmitidos oralmente durante siglos y obras como *Calibán y la Bruja*, de Silvia Federici, se vuelven imprescindibles en este sentido.

Texere, 2021 / Cizaña trenzada y rafia / 117 x 111 x 4 cm

Córtote pezoña, 2020 / Cuerno de corzo, hilos, alfileres y cristal / 30 x 12 x 12 cm

No meu lumear, 2021 / Pote de hierro, carbón e sal / 29 x 63 x 63 cm

Alicornio I, 2021 / Silla y ramas de madera, hilos y tijera / 137 x 171 x 47 cm

Alicornio II, 2021 / Banqueta y clavos / 53 x 29 x 29 cm







LAURA FERRO GARRIDO

(Baños de Molgas, 1997)

53

SinVERGÜENZA

Presento cinco mulleres con características corporais diferentes, criticando o que se considera socialmente normativo: con peluxe, estrías, celulite, xenitais non asociados ao xénero feminino e signos de velez. Expoño os meus protagonistas polas rúas de Pontevedra a través das ilustracións, creando carteis de gran formato e achegando ao espazo público imaxes que, en ocasións, se poderían considerar íntimas ou mesmo «tabús».

O feito de mostralas no espazo urbano dálle a «SinVERGÜENZA» unha actitude provocadora. Ninguén optou por ver estas obras, non son os espectadores e espectadoras os que asisten a unha exposición para verlas; son estas pezas as que están dispostas para que os e as transeúntes poidan apreciarlas nas súas viaxes.

SinVERGÜENZA, 2021 / Carteis sobre cartón pluma e fotografía / Cartel: 110 x 105 cm / Fotografías: 42 x 29,7 cm c. u.

SinVERGÜENZA

Presento cinco mujeres con características corporales diferentes, criticando lo considerado socialmente como normativo: con vello, estrías, celulitis, genitales no asociados al género femenino y signos de la vejez. Expongo a mis protagonistas en las calles de Pontevedra a partir de ilustraciones, creando carteles de gran formato y llevando al espacio público imágenes que, en ocasiones, podrían considerarse íntimas, o incluso «tabús».

El hecho de mostrarlas en el espacio urbano, le da a «SinVERGÜENZA» una actitud provocadora. Nadie escogió ver estas obras, no son los espectadores los que se desplazan a una exposición a verlas; son estas piezas las que se disponen para que los transeúntes las aprecien en sus recorridos.

SinVERGÜENZA, 2021 / Carteles sobre cartón pluma y fotografía / Cartel: 110 x 105 cm / Fotografías: 42 x 29,7 c. u.



UXÍA FRANCISCO RIAL

(Vigo, 1998)

54

Por e para sempre

Vida e morte son dous conceptos que se refiren a unha realidade material inmutable e incuestionable. A inmortalidade, pola súa banda, é a fantasía creada polos seres humanos para combater o medo que nos infunde esta realidade. Neste proxecto de creación artística busco experimentar con esta idea da inmortalidade ao tempo que traballo coa súa antagonista: a morte.

Experimentando para isto con diversas técnicas que, dalgún xeito, intentan deter o paso do tempo sobre o elemento principal da obra, a flor representativa da natureza.

Por y para siempre

Vida y muerte son dos conceptos que hacen referencia a una realidad material inmutable e incuestionable. La inmortalidad, por su parte, es la fantasía creada por los humanos para combatir el miedo que nos infunde esta realidad. En este proyecto de creación artística busco experimentar con esta idea de la inmortalidad al tiempo que trabajo con su antagonista: la muerte.

Experimentando para esto con diversas técnicas que, de alguna manera, intentan detener el paso del tiempo sobre el elemento principal de la obra, la flor representativa de la naturaleza.





O suxeito inmarcesible, 2020 / Resina epoxi, flores e terra / 240 x 5 x 227 cm aprox.
El sujeto inmarcesible, 2020 / Resina epoxi, flores y tierra / 240 x 5 x 227 cm aprox.

ANA GÓMEZ SUÁREZ

(Monforte de Lemos, 1998)



56

Dor. Un proceso

A dor é un sentimento que, pola súa intensidade, tendemos a considerala como algo exclusivamente noso, incomprendible para os demais; pero o certo é que se trata dunha experiencia vital compartida, universal e atemporal.

Aínda que as pezas deste proxecto traten sobre min e os meus sentimentos, creo que é posible sentir-se conmovido e mesmo identificado con, polo menos, algunha delas. Cada unha corresponde a unha emoción concreta do meu proceso de asimilación da dor: negación, sufrimento, toma de consciencia e medo; e posúen un elemento simbólico distinto, propio dunha sensación diferenciada. Nelas pódese ver como a dor medra desde dentro pouco a pouco, como se descontrola, como se apodera completamente do estado emocional e como, sen estar presente xa, segue a permanecer o medo.

Dor. Un proceso, 2020 / Ilustración dixital / Catro elementos: 50 x 70 cm c. u.




Dolor. Un proceso

El dolor es un sentimiento que, por su intensidad, tendemos a considerarlo como algo exclusivamente nuestro, incomprensible para los demás; pero lo cierto es que se trata de una experiencia vital compartida, universal y atemporal.

Aunque las piezas de este proyecto traten sobre mí y mis sentimientos creo que es posible sentirse conmovido e incluso identificado con, al menos, alguna de ellas. Cada una corresponde a una emoción concreta de mi proceso de asimilación del dolor: negación, sufrimiento, toma de consciencia y miedo; y poseen un elemento simbólico distinto, propio de una sensación diferenciada. En ellas se puede ver cómo el dolor crece desde dentro poco a poco, cómo se descontrola, cómo se apodera completamente del estado emocional y cómo, sin estar presente ya, sigue permaneciendo el miedo.

Dolor. Un proceso, 2020 / Ilustración digital / Cuatro elementos: 50 x 70 cm c. u.



Pegadas atemporais

Este proxecto parte da problemática do tempo e da súa percepción antropocéntrica. Tras xerar unha linguaxe mediante analogías que combinan o mundo virtual e o tangible, achego unha visión subxectiva e introspectiva á obra.

Dende un principio houbo unha serie de pequenos sucesos que de maneira irracional despertaron o meu interese, e todos eles tiñan que ver coas pegadas da acción humana. Accións que pasan desapercibidas, pero están aí e cargan cunha historia detrás. Un pequeno erro, unha liña mal tirada, pintura de spray que saíu dos bordos delimitados pola cinta de carroceiro... Con estes detalles e outros xurdidos involuntariamente no propio proceso, que seguramente incluso eu pasei por alto, procuro esa ligazón.

Huellas atemporales

Este proyecto parte de la problemática del tiempo y su percepción antropocéntrica. Tras generar un lenguaje mediante analogías que combinan el mundo virtual y el tangible, apporto una visión subjetiva e introspectiva a la obra.

Desde un principio hubo una serie de pequeños sucesos que de manera irracional despertaron mi interés, y todos ellos tenían que ver con las huellas de la acción humana. Acciones que pasan desapercibido pero están ahí y cargan con una historia detrás. Un pequeño error, una línea mal tirada, pintura de spray que salió de los bordos delimitados por la cinta de carrocerero... Con estos detalles y otros surgidos involuntariamente en el propio proceso que seguramente incluso yo pasé por alto procuro ese enlace.





Pegadas atemporais, 2020 / Óleo sobre lenzo, graffiti, papel, cinta de carroceiro / Medidas variáveis
Pegadas atemporales, 2020 / Óleo sobre lienzo, graffiti, papel, cinta de carrocerero / Medidas variables

DANIEL JÁLCOME RODRÍGUEZ

(Vigo, 1994)

60



Abstraccións, 2021 / Acrílico sobre lenzo / Dous elementos: 100 x 70 x 4 cm c. u.

Abstracción e exploración

Aproximación á pintura abstracta, dende un punto de partida preto á linguaxe visual do graffiti. As dúas obras nacen co propósito de atopar unha estética propia con formas e composicións abstractas en cor. Unha exploración das formas abstractas e como estas poden transmitir emocións ou sensacións como a suavidade, a tensión, a forza etc. O resultado vén a ser un exercicio de autoexpresión no que o protagonista é o estilo que transmite cada obra ou composición visual.



Abstracciones, 2021 / Acrílico sobre lienzo / Dos elementos: 100 x 70 x 4 cm c. u.

Abstracción y exploración

Aproximación a la pintura abstracta, desde un punto de partida cercano al lenguaje visual del graffiti. Las dos obras nacen con el propósito de buscar una estética propia con formas y composiciones abstractas en color. Una exploración de las formas abstractas y cómo éstas pueden transmitir emociones o sensaciones como la suavidad, la tensión, la fuerza, etc. El resultado viene a ser un ejercicio de autoexpresión en el que el protagonista es el estilo que transmite cada obra o composición visual.

MANUEL LEMA ÁLVAREZ

(Vigo, 1975)

62

1880 Milán

Este cómic está inspirado no Congreso de Milán de 1880. As protagonistas son tres etiquetas metafóricas: un mozo xordo representado por unha man; o seu pai, un altofalante que simboliza o oralismo; e, por último, o verdugo ao que se identifica co Congreso de Milán de 1880 no que se prohibiu o uso da lingua de signos e se impuxo o oralismo.

A historia da comunidade das persoas xordas é en moitos países, sen dúbida en España, dramática e infestada de incomprensión e de marxinación por parte da sociedade das persoas oíntes. Agora teño o gusto de presentar a vida dalgunhas persoas xordas na que a entereza e a decisión se asocian coa capacidade de tolerar a frustración e o desexo de vivir unha vida plena.

1880 Milán, 2020 / Álbum ilustrado / Trinta e seis láminas
Din A4

1880 Milán

Este cómic está inspirado en el Congreso de Milán de 1880. Las protagonistas son tres etiquetas metafóricas: un joven sordo representado por una mano, su padre, un altavoz que simboliza el oralismo y por último el verdugo a lo que se identifica con el Congreso de Milán de 1880 en el que se prohibió el uso de la lengua de signos y se impuso el oralismo.

La historia de la comunidad de las personas sordas es en muchos países, sin duda en España, dramática e infestada de incomprensión y de marginación por parte de la sociedad de los oyentes. Ahora tengo el gusto de presentar la vida de algunas personas sordas en la que la entereza y la decisión se asocian con la capacidad de tolerar la frustración y el deseo de vivir una vida plena.

1880 Milán, 2020 / Álbum ilustrado / Treinta y seis láminas
Din A4





LUCÍA LOBELLE GONZÁLEZ

(Chantada, 1998)

64

Da charca ao océano

Da charca ao océano trátase dun proxecto que pretende dar voz e incitar á reflexión sobre a problemática medioambiental á que nos enfrontamos actualmente, partindo da análise e da investigación do noso contorno máis próximo.

Está formado por dezaoito estampas e o libro ilustrado *Na regueira de Xigonde* está creado dixitalmente a partir destas e do relato literario de Rafa Lobelle. Están realizadas con técnicas gráficas, na súa maior parte xilografías que se unen en ocasións a linóleos e a monotipos na procura dun resultado máis rico e experimental.

De la charca al océano

De la charca al océano se trata de un proyecto que pretende dar voz e incitar a la reflexión sobre la problemática medioambiental a que nos enfrentamos actualmente, partiendo del análisis y de la investigación de nuestro entorno más próximo.

Está formado por dieciocho estampas y el libro ilustrado *Na regueira de Xigonde* creado digitalmente a partir de estas y del relato literario de Rafa Lobelle. Están realizadas con técnicas gráficas, en su mayor parte xilografías que se unen en ocasiones a linóleos y monotipos en la búsqueda de un resultado más rico y experimental.





Da charca ao océano. A regueira de Xigonde como motivo literario-artístico nun contexto de transición, 2021 / Gravado / Dezaioito estampas: 50 x 27 cm c. u.

De la charca al océano. A regueira de Xigonde como motivo literario-artístico en un contexto de transición, 2021 / Grabado / Dieciocho estampas: 50 x 27 cm c. u.

Da charca ao océano. A regueira de Xigonde como motivo literario-artístico en un contexto de transición, 2021 / Libro ilustrado / 37 x 20 cm

De la charca al océano. A regueira de Xigonde como motivo literario-artístico en un contexto de transición, 2021 / Libro ilustrado / 37 x 20 cm

The book cover features a stylized illustration of a landscape. A large, dark, vertical shape resembling a hanging tree trunk or a cave entrance dominates the center. The background is a mix of warm, golden-yellow and blue tones, suggesting a sunset or sunrise sky. The overall style is painterly and somewhat abstract.

LA MONTAÑA
DEL ÁRBOL COLGANTE

Nicolás López Da Motta

NICOLÁS LÓPEZ DA MOTTA

(Rivera, Uruguai, 1998)

67

A montaña da árbore colgante

A montaña da árbore colgante é un libro ilustrado, realizado enteiramente en dixital, pero coa intención de seguir un proceso tradicional nas ilustracións. Grazas ao uso de pinceis específicos, dá a sensación de estar pintado «á man», mediante unha pintura fresca e rápida nos seus trazos.

Esta historia, que trata temas relacionados coa inseguridade e co crecemento persoal, prescinde do texto, narrándose visualmente a través das ilustracións e utilizando recursos comúns dentro da arte secuencial. Ademais, experimenta co deseño e coa variedade das súas páxinas, intercalando ilustracións a páxina completa, dobres páxinas *splash-page*, viñetas secuenciais coma no cómic, e outros.

A montaña da árbore colgante, 2020 / Libro ilustrado / 29,7 x 21 cm

La montaña del árbol colgante

La montaña del árbol colgante es un libro ilustrado, realizado enteramente en digital, pero con la intención de seguir un proceso tradicional en las ilustraciones. Gracias al uso de pinceles específicos, da la sensación de estar pintado «a mano», mediante una pintura fresca y rápida en sus trazos.

Esta historia, que trata temas relacionados con la inseguridad y el crecimiento personal, prescinde del texto, narrándose visualmente a través de las ilustraciones y utilizando recursos comunes dentro del arte secuencial. Además, experimenta con el diseño y la variedad de sus páginas, intercalando ilustraciones a página completa, dobres páxinas *splash-page*, viñetas secuenciais como en el cómic, y otros.

La montaña del árbol colgante, 2020 / Libro ilustrado / 29,7 x 21 cm



ALBA MATILLA IGLESIAS

(Avilés, 1998)

68

Norte. Identidade a través da paisaxe

Norte. Identidade a través da paisaxe é unha instalación de vídeo e pintura que explora a influencia que ten sobre un individuo o feito de medrar rodeado dunha determinada paisaxe. Este proxecto céntrase, no caso do noroeste de España, en territorios como Asturias, Galicia ou Cantabria, paraísos cheos de historia nos que a natureza máis abrupta se fundiu coa industrialización e coa manipulación do medio, e que se enfrontan a unha realidade afastada da idealización do turismo que se adoita vender.

Mediante a combinación da pintura e do vídeo establécese un paralelismo entre a paisaxe –individual, natural-manipulada e tradicional– contemporánea que fala de habitar un lugar e as raíces dunha persoa, desde a experiencia subxectiva. A obra consta de cinco gravacións proxectadas en cinco fotogramas, cada un cunha paisaxe específica que responde a diferentes características desta identidade do norte.

Norte I, 2020 / Videopintura, técnica mixta sobre lenzo / 130 x 90 cm / 4 min 30 s en bucle





Norte I, 2020 / Videopintura, técnica mixta sobre lienzo / 130 x 90 cm / 4 min 30 s en bucle

Norte. Identidad a través del paisaje

Norte. Identidad a través del paisaje es una instalación de vídeo y pintura en la cual se explora la influencia que tiene en un individuo el hecho de haber crecido rodeado de un paisaje determinado. Este proyecto se centra en el caso del noroeste de España, en territorios tales como Asturias, Galicia o Cantabria, unos paraísos llenos de historia en los que la naturaleza más abrupta se ha fundido con la industrialización y la manipulación del medio, y que afrontan una realidad lejana a la idealización del turismo que se suele vender.

A través de la combinación de pintura y vídeo, se establece un paralelismo entre paisaje – individuo, natural – manipulado y tradicional – contemporáneo que habla de habitar un lugar y de las raíces de una persona, desde la experiencia subjetiva. La obra consiste en cinco grabaciones proyectadas sobre cinco cuadros, cada uno con un paisaje específico que responde a diferentes características de esta identidad norte.

Antropomorfos, microscópicos e divinos

Saber que existen ao noso arredor seres moito máis pequenos, imposibles de ver a simple vista por moitas horas que lles dediques, levoume a reparar na relixión e nas divindades, na maxia e nos ritos. Pasar horas sendo simple observadora dese mundo ten sido unha práctica moi inmersiva e íntima que me fixo pensar que estes seres microscópicos levan moito máis tempo na terra ca os seres humanos, somos consecuencia directa deles e probablemente permanecerán na Terra moito máis tempo ca nós. Son os nosos deuses reais, escondidos pero sempre presentes, en contacto con nós e moi determinantes e influentes nas nosas vidas.

Este proxecto é unha colección de traxes e de máscaras nos que, mediante a súa antropomorfización, trato de converter estes seres en deidades, comparando as súas peculiares características e maneira de vivir con símbolos e mitoloxía propias dunha relixión.

Antropomorfos, microscópicos e divinos, 2021 / Máscaras: papel maxé con detalles en pan de ouro e tecido de liño / 26 x 26 cm, 26 x 26 cm, 23 x 39 cm y 42 x 30 cm / Fotografía: Catro elementos Din A3

Antropomorfos, microscópicos y divinos


Saber que existen a nuestro alrededor seres mucho más pequeños, imposibles de ver a simple vista por muchas horas que les dediques, me llevó a reparar en la religión y en las divinidades, en la magia y en los ritos. Pasar horas siendo mera observadora de ese mundo ha sido una práctica muy inmersiva e íntima que me hizo pensar que estos seres microscópicos llevan mucho más tiempo en la tierra que los humanos, somos consecuencia directa de ellos y probablemente permanecerán en la tierra mucho más tiempo que nosotros. Son nuestros dioses reales, escondidos pero siempre presentes, en contacto con nosotros y muy determinantes e influyentes en nuestras vidas.

Este proyecto es una colección de trajes y máscaras en los que, mediante su antropomorfización, trato de convertir a estos seres en deidades, comparando sus peculiares características y manera de vivir con símbolos y mitología propia de una religión.

Antropomorfos, microscópicos y divinos, 2021 / Máscaras: papel maché con detalles en pan de oro y tejido de lino / 26 x 26 cm, 26 x 26 cm, 23 x 39 cm y 42 x 30 cm / Fotografía: Cuatro elementos en Din A3







Small text label on the wall, likely providing information about the artwork.

Praetexere

O que impulsa este proxecto é a necesidade de buscar a espiritualidade nun sentido arquetípico, que inevitablemente nos conecta coa natureza como fonte da que nos alimentamos. Esta natureza, necesaria para recargarnos da nosa propia esencia, non aparece tan explicitamente nas pezas resultantes, senón a partir dunha serie de patróns orgánicos e formas abstractas conectadas coa miña psique.

Praetexere, do latín, que significa 'pretexto', naceu como unha palabra que designaba o bordado que se facía nas pezas de roupa como decoración. Para min é o pretexto necesario para aproveitar a arte como medio de liberación, de toma de conciencia das nosas propias capacidades. A emancipación dunha sociedade limitante e castradora que aínda está en proceso de extinguir mentalidades patriarcales e de dominación.

Vestido de personificación, 2020 / Vestido de tarlatana sobre manequín / 165 x 50 x 40 cm aprox.

Cetro, 2020 / Madeira, fío e teas / 5 x 150 x 5 cm aprox.

Praetexere-muller paxaro (detalle), 2020 / Impresión dixital sobre lenzo / 100 x 150 cm

Praetexere

Lo que mueve este proyecto es una necesidad de búsqueda de espiritualidad en un sentido arquetípico, que nos conecta irremediabilmente con la naturaleza como fuente de la que nos alimentamos. Esta naturaleza necesaria para recargarnos de nuestra propia esencia, no aparece de forma tan explícita en las piezas resultantes, si lo hace desde una serie de patrones orgánicos y formas abstractas conectadas con mi psique.

Praetexere, del latín, que significa 'pretexto', nació como una palabra que designaba los bordados que se hacían en las prendas a modo decorativo. Para mí es el pretexto necesario para aprovechar el arte como medio de liberación, de conciencia de nuestras propias capacidades. La emancipación de una sociedad limitadora y castradora que todavía está en vías de extinguir mentalidades patriarcales y de dominación.

Vestido de personificación, 2020 / Vestido de tarlatana sobre maniquí / 165 x 50 x 40 cm aprox.

Cetro, 2020 / Madera, hilo y telas / 5 x 150 x 5 cm aprox.

Praetexere-mujer pájaro (detalle), 2020 / Impresión digital sobre lienzo / 100 x 150 cm




Espazo do eu

Espazo do eu está composto por unha serie de pezas que conforman parte dun todo, confluindo no Eu. Dende un achegamento multidisciplinario, as obras, como fragmento, desembocan nunha instalación. Un espazo desagregado, de acción, autoasimilación e xesto.

Este proxecto xorde da necesidade de achegarme, entender e explorar a identidade, partindo de preguntas que nun inicio tentaba esquivar.

Para poder partir, en ocasións, precisamos establecer un suposto, catalogar ou fraccionar, como forma de achegamento. Polo que decidín desagregar o eu en catro bases ou piares: cultura, memorias, relacións interpersoais e autoconcepto.



Espacio del yo

Espacio del yo está compuesto por una serie de piezas que conforman parte de un todo, confluendo en el Yo. Desde un acercamiento multidisciplinario, las obras, como fragmento, desembocan en una instalación. Un espacio desglosado, de acción, autoasimilación y gesto.

Este proyecto surge de la necesidad de acercarme, entender y explorar la identidad, partiendo de preguntas que en un inicio intentaba esquivar.

Para poder partir, en ocasiones, precisamos establecer un supuesto, catalogar o fraccionar, como forma de acercamiento. Por lo que he decidido desglosar el yo en cuatro bases o pilares: cultura, memorias, relaciones interpersonales y autoconcepto.

Torso, 2021 / Escaiola / 34 x 45 x 25 cm

Torso, 2021 / Escayola / 34 x 45 x 25 cm

Espazo do eu, 2021 / Fragmentos dunha instalación / Medidas variables

Espacio del yo, 2021 / Fragmentos de una instalación / Medidas variables

Parte do proceso, fragmento e a experiencia do espazo que habito, 2021 / Escaiola / 20 x 30 x 30 cm

Parte del proceso, fragmento y la experiencia del espacio que habito, 2021 / Escayola / 20 x 30 x 30 cm



O verán prohibido

O verán prohibido son dúas formas complementarias de contar unha viaxe. A primeira responde á necesidade de relatar o vivido, e para iso emprégase a pintura e a proxección multimedia como medios para apelar á sensorialidade do público espectador e transmitir os recordos creados. A segunda sintetiza nun produto físico esa viaxe, apropiándose dun formato empregado pola industria turística como é o das diapositivas de lembranza.

Este proxecto parte da investigación sobre a viaxe, dentro duns condicionantes moi concretos: a viaxe en 2020, a viaxe en compañía e a viaxe como forma de coñecemento. A viaxe sen mapa, expectativas, horarios nin destino fixo. A viaxe como método de redescubrimiento de territorios próximos. A viaxe como excusa para perderse e atoparse. A viaxe para namorar dun mesmo, do compañeiro desa viaxe e da paisaxe. A viaxe como experiencia vital.

O verán prohibido, 2021 / Vídeo / 1 min 45 s en bucle

O verán prohibido, 2021 / Cartón, plástico / Medidas do obxecto pechado: 19 x 24 x 5 cm

El verano prohibido

El verano prohibido son dos formas complementarias de contar un viaje. La primera responde a la necesidad de relatar lo vivido, y para eso se emplea la pintura y la proyección multimedia como medios para apelar a la sensorialidad del espectador y transmitir los recuerdos creados. La segunda sintetiza en un producto físico ese viaje, apropiándose de un formato empleado por la industria turística como es lo de las diapositivas de recuerdo.

Este proxecto parte de la investigación sobre el viaje, dentro de unos condicionantes muy concretos: El viaje en 2020, el viaje en compañía y el viaje como forma de conocimiento. El viaje sin mapa, expectativas, horarios ni destino hizo. El viaje como método de redescubrimiento de territorios próximos. El viaje como excusa para perderse y encontrarse. El viaje para enamorarse de uno mismo, del compañero de ese viaje y del paisaje. El viaje como experiencia vital.

El verano prohibido, 2021 / Vídeo / 1 min 45 s en bucle

El verano prohibido, 2021 / Cartón, plástico / Medidas del objeto cerrado: 19 x 24 x 5 cm





BEATRIZ PANIAGUA GONZÁLEZ


(Sevilla, 1998)

78

O declive do rural galego: Memoria, esquecemento e recordos

Da man da miña avoa Olivia, comezamos unha viaxe ambas, poñendo en valor lugares, nostalxias, lembranzas, sentimentos, realidades enfrontadas e a importancia da vida humana. Durante esta viaxe, a través da fotografía, levei a cabo a busca da identidade e a documentación do abandono e a decadencia que azoutan o rural galego. Un percorrido polo lugar que considero o meu fogar e que cada vez máis se atopa abandonado ou esquecido tanto pola sociedade coma polos ciclos xeracionais. A realidade do esquecemento e do abandono remataron empurrando o rural aos brazos do feísmo, unha existencia do aproveitamento de recursos, economización e reutilización debido á economía de medios e aos gastos limitados, fronte ao interese estético.

O declive do rural galego: memoria, esquecemento e recordos, 2020 / Fotografía / Vinte e nove elementos: 40 x 30 cm c. u.



La decadencia del rural gallego: Memoria, olvido y recuerdos

De la mano de la razón de este proyecto, mi abuela Olivia, comenzamos un viaje para ambas, poniendo en valor, lugares, nostalgias, añoranzas, sentimientos, realidades encontradas y la importancia de la vida humana. Durante este viaje, mediante la fotografía, realicé una búsqueda de identidad a la vez que de documentación del abandono y la pérdida que azotan al rural gallego. Un recorrido por el lugar que considero mi hogar y que cada vez se siente más abandonado por la sociedad y los cambios generacionales. La decadencia y el abandono terminaron empujando al rural a los brazos del feísmo, una existencia del aprovechamiento de recursos, economización y reutilización debido a la economía de medios y los gastos limitados, frente al interés estético.

La decadencia del rural gallego: memoria, olvido y recuerdos, 2020 / Fotografía / Ventinueve elementos: 40 x 30 cm c. u.





Cine de barrio

Este proxecto recolle unha serie de intervencións realizadas no medio urbano. Nelas desenvolvo espazos de xogo e de convivencia co outro, creando feitos cos que poder compartir situacións próximas a calquera que queira participar, onde o outro asume un maior rango ca o de simple espectador ou espectadora que observa unha obra meramente contemplativa. Convértense en interlocutores directos, nos novos actores do espectáculo; por iso tamén nos novos autores da peza; sen eles a obra non alcanza un sentido pleno.

Ao deixar a peza nas mans do outro descoñecemos o seu final, tampouco o podemos controlar, polo que se trata dun proceso ambiguo e azaroso, aberto a diversas interpretacións e repertorios. Sen rangos que limiten outras posibilidades, afástome de comparacións de habilidades, creando un xogo cooperativo exento de gañadores ou perdedores, un suceso exposto para pensar máis nun nós ca nun euísmo centrado.



Cine de barrio

Este proyecto recoge una serie de intervenciones realizadas en el medio urbano. En ellas desarrollo espacios de juego y convivencia con el otro, creando hechos con los que poder compartir situaciones próximas a cualquiera que quiera participar, donde el otro asume un mayor rango que el de simple espectador que observa una obra meramente contemplativa. Se convierten en interlocutor directo, en los nuevos actores del espectáculo; con lo cual también, en los nuevos autores de la pieza, sin ellos la obra no alcanza un sentido pleno.

Al dejar la pieza en manos del otro desconocemos su final, tampoco lo podemos controlar, por lo que se trata de un proceso ambiguo y azaroso, abierto a diversas interpretaciones y repertorios; sin rangos que limiten otras posibilidades, me alejo de comparaciones de habilidades, creando un juego cooperativo exento de ganadores o perdedores, un suceso expuesto para pensar más en un nosotros que en un eyoísmo centrado.

A-52, 2021 / Impresións sobre papel e pegamento / 300 x 350 cm

A-52, 2021 / Impresiones sobre papel y pegamento / 300 x 350 cm

Vuelta a las andadas, 2021 / Barro, calcetín e baldosas / 30 x 90 x 30 cm aprox.

Vuelta a las andadas, 2021 / Barro, calcetín y baldosas / 30 x 90 x 30 cm aprox.

WÊDYLA RODRIGUES DE ALLANTARA

(Goiânia, Brasil, 1989)

82

Infamia

Este proxecto nace no medio de fondas inxustizas, nace en fondas foxas onde poucas veces se coa un furtivo raio de sol para iluminar un pequeno altar dun Orixá, nace cheirando a guaraná e a asfalto queimado, e si, sempre con pés descalzos, terra. Esta obra nace no meu país, o Brasil, un paraíso perdido e só recuperado en postais, recordos, e no peto dalgúns.

Así, Infamia, a primeira vista, é un mapa que enzalza e reivindica Brasil na súa esencia pura: a súa tradición, a súa historia, a súa artesanía. Porén, a obra é moito máis ca un mapa, é unha metáfora da realidade a través do sentido, que evoca a vida e a morte do país; por unha banda, a súa riqueza cultural e artesanal representada cos seus motivos máis característicos; e por outra, a destrución social, económica, natural etc., á que está sometida polo mal denominado «poder», materializado en forma de avelaíñas, que se introduciron na obra. E ao ser esta creada coa materia que devoran, será destruída. Polo tanto, é unha peza efémera, que nace e logo morre.

Infamia

El presente proyecto nace en medio de profundas injusticias, nace en hondas trincheras donde rara vez se cuele un furtivo rayo de sol que ilumine un pequeño altar de un Orixá, nace oliendo a guaraná y a asfalto quemado, y eso sí, siempre con los pies descalzos, de barro. Este trabajo nace en mi país, Brasil, un paraíso perdido y solo recobrado en postales, souvenirs, y el bolsillo de algunos/as.

Así pues, Infamia, a simple vista es un mapa que ensalza y reivindica Brasil en su pura esencia: su tradición, su historia, su artesanía. Sin embargo la obra es mucho más que un mapa, es una metáfora de la realidad a través del fieltro, que evoca la vida y muerte del país; por un lado, su riqueza cultural y artesanal representada con sus motivos más característicos, y por otro, la destrucción social, económica, natural, etc., a la que es sometido por el mal llamado «poder», materializado en forma de polillas, que introducidas en la obra, y estando ésta creada con la materia que ellas devoran, se irá destruyendo, por tanto se trata de una pieza efímera, que nace y después muere.





Infamia, 202 / Feltro húmido, feltro seco, tinguidura natural, la local, la meiriña e couzas / 132 x 122 cm, 52 x 42 cm e catro elementos: 42 x 42 cm c. u.

Infamia, 202 / Feltro húmido, feltro seco, tinte natural, lana local, lana meiriña y polillas / 132 x 122 cm, 52 x 42 cm y catro elementos: 42 x 42 cm c. u.



ANDREA RODRÍGUEZ EIRAS

(A Estrada, 1997)

85

Logos crisálida

Respecto ao peche da miña cela, e coma se o cuarto fose un tear, vou colocando pouco a pouco a urdidura e a trama para dar forma e levantar algo sólido. Todo sucede nunha sala, tanto a vida privada coma laboral e docente. Todo está cohesionado e as partes do proceso tamén; tempo e espazo disólvense e dan lugar a un desexo. Por iso utilízase material reciclado para a súa elaboración. Ao unilo e experimentar con el, desenvólvese un traballo intimista, no que as emocións se atopan a través de fíos, palabras e formas; créase un diario.

Logos crisálida

Respecto a la clausura desde mi celda, y como si la habitación se tratase de un telar, voy colocando poco a poco la urdimbre y las tramas para conformar y levantar algo sólido. Todo acontece en un cuarto, tanto la vida privada, como la laboral y la didáctica; todo se cohesiona y las partes del proceso también; el tiempo y el espacio se disuelven dando lugar a un deseo. Por eso, para su elaboración se utiliza material reciclado, uniendo y experimentando con este, se va desarrollando una obra íntima, en la que a través de los hilos, palabras y formas, se encuentran unas emociones; se crea un diario.

Logos Crisálida, 2020 / Tecidos reciclados, costura, corda e pinzas / 200 x 300 x 250 cm

Logos Crisálida, 2020 / Tejidos reciclados, costura, cuerda y pinzas / 200 x 300 x 250 cm



SAMUEL RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

(Salceda de Caselas, 1997)

86

βια, βιος

βια, βιος, que en grego significa 'violencia, vida', é o nome que dá título a este proxecto.

A elección deste débese a que tanto o substantivo βια (violencia) coma o substantivo βιος (vida) proceden da mesma raíz grega βι. Así, establécese unha comparación na que reflexionar sobre a próxima conexión entre ambos os termos, non só no sentido etimolóxico, senón tamén na propia experiencia vital. *βια, βιος* é o intento de reflectir experiencias autobiográficas como sinal da unión entre a violencia e as miñas vivencias vitais, a través da estética e do simbolismo clásicos.

βια, βιος

βια, βιος, que en grego quiere decir 'violencia, vida', es el nombre que da título a este proyecto.

La elección del mismo se debe a que tanto el sustantivo βια (violencia) y el sustantivo βιος (vida) provienen de la misma raíz griega βι. Así se establece una comparativa en la que reflexionar sobre la próxima conexión entre ambos términos, no solo en el sentido etimológico, sino también en la propia experiencia vital. *βια, βιος* es el intento de reflejar experiencias autobiográficas como una muestra de la unión entre la violencia y mis experiencias vitales, a través de la estética y simbolismo clásicos.

βια, βιος, 2020 / Grafito e carbón sobre papel / 150 x 200 cm

βια, βιος, 2020 / Grafito y carbón sobre papel / 150 x 200 cm





SOFÍA SAN CLAUDIO YAÑEZ

(A Coruña, 1997)

88

Sublimes vestixios

Este proxecto investiga o valor estético da ruína a través de diferentes momentos históricos e de que maneira é percibida polos/as artistas e a sociedade. Resalta a atracción que provocan as ruínas como elemento estético a través de obras de artistas do século XV ata a actualidade, ao ser referentes para o posterior proxecto artístico.

Como consecuencia desta investigación, a obra plástica presenta a reconstrución formal e simbólica con valor estético e arqueolóxico, a partir de fragmentos refugados pola sociedade. As obras de cerámica pretenden reflexionar sobre a estética da ruína e o seu antecedente desastre. A partir da memoria persoal, sensacións, vivencias e recordos, permiten transmitirle unha libre interpretación ao público espectador.

Rottame, 2020 / Cerámica esmaltada / Serie de cinco pezas:
12 x 24 x 22 cm, 22 x 23 x 21 cm, 19 x 25 x 24 cm,
20 x 15 x 17 cm, 2 x 13 x 12 cm

Sublimes vestigios

El presente trabajo investiga el valor estético de la ruina a través de diferentes momentos históricos y cómo es percibida por los artistas y la sociedad. Resalta la atracción que provocan las ruinas como elemento estético a través de obras de artistas desde el siglo XV hasta la actualidad, siendo referentes para el posterior proyecto artístico.

Como consecuencia de esta investigación, la obra plástica presenta la reconstrucción formal y simbólica con valor estético y arqueológico, a partir de fragmentos rechazados por la sociedad. Las obras de cerámica, intentan reflexionar sobre la estética de la ruina y su antecedente desastre; desde la memoria personal, sensaciones, vivencias y recuerdos, permiten transmitir una interpretación libre al espectador.

Rottame, 2020 / Cerámica esmaltada / Serie de cinco piezas:
12 x 24 x 22 cm, 22 x 23 x 21 cm, 19 x 25 x 24 cm,
20 x 15 x 17 cm, 2 x 13 x 12 cm







AARÓN SANTOS COMESAÑA

(Moaña, 1998)

91

Limbo

Limbo mostra problemáticas, inquietudes e experiencias relacionadas coa propia interioridade, en procura de dar voz e materializar todo aquilo mergullado no propio universo. O proxecto céntrase na creación e na expresión dun mundo baseado na interioridade e na sensibilidade emocional do seu creador. As obras ilustran contornas unidas baixo un mesmo eixe, estético e temático, marcado pola presenza de tres elementos definitorios: a natureza, enfocada desde unha perspectiva «romántica» na cal mergullarse e refuxiarse; o baleiro, como unha nada comprensible e con presenza; e o caos, que unifica e potencia a inmersión neste descoñecido e inhóspito lugar.

Limbo, 2020 / Impresión dixital e tinta sobre papel / Seis orixinais Din A4 e dous de 21 x 42 cm / Catro impresións: 50 x 70 cm c. u.

Limbo

Limbo muestra problemáticas, inquietudes y experiencias relacionadas con la propia interioridad, en búsqueda de dar voz y materializar todo aquello sumergido en el propio universo. El proyecto se centra en la creación y expresión de un mundo basado en la interioridad y sensibilidad emocional de su creador. Las obras ilustran entornos unidos bajo un mismo eje, estético y temático, marcado por la presencia de tres elementos definitorios: La naturaleza, enfocada desde una perspectiva «romántica» en la cual sumergirse y refugiarse; el vacío, como una nada comprensible y con presencia; y el caos, que unifica y potencia la inmersión en este desconocido e inhóspito lugar.

Limbo, 2020 / Impresión digital y tinta sobre papel / Seis originales Din A4 y dos de 21 x 42 cm / Cuatro impresiones: 50 x 70 cm c. u.



RUTH VIDAL SUÁREZ

(Barcelona, 1998)

92

473. Diálogos del ser. Una extensión del soy

473. Diálogos del ser. Una extensión del soy é o resultado da colleita de buscas e capturas da palabra soy no historial de Whatsapp do meu móbil. A través dun tratamento dixital convértese nunha narración continua na que este material lle desvela ao público espectador unha cartografía emocional, descontextualizada da súa orixe particular pero aberta como relato que pode ser reconstruído.

Esta reordenación pretende tratar, partindo desta materia prima do cotián, narrativas universais dentro do complexo ecosistema de relacións despregadas na actualidade polas redes sociais. Un ámbito próximo á introspección do ser, do eu, coa capacidade necesaria para dar apertura a un diálogo efectivo co seu público, entre o estado da comunicación actual e pasado.

473. Diálogos del ser. Una extensión del soy, 2021 / Sublimación sobre tea / 21 x 1600 cm

473. Diálogos del ser. Una extensión del soy

473. Diálogos del ser. Una extensión del soy es el resultado de la recolección de búsquedas y capturas de la palabra “soy” en el historial de Whatsapp de mi móvil. A través de un tratamiento digital se convierte en una narración continua en la que este material desvela al espectador una cartografía emocional, descontextualizada de su origen particular pero abierta como relato que puede ser reconstruido.

Esta reordenación pretende abordar, partiendo de esta materia prima de lo cotidiano, narrativas universales dentro del complejo ecosistema de relaciones desplegadas en la actualidad por las redes sociales. Un ámbito cercano a la introspección del ser, del yo, con la capacidad necesaria para dar apertura a un diálogo efectivo con su público, entre el estado de la comunicación actual y pasado.

473. Diálogos del ser. Una extensión del soy, 2021 / Sublimación sobre tela / 21 x 1600 cm







LUIS VILLANUEVA ANSEDES

(Silleda, 1998)

95

MeCAGOenROS

Análise da conduta materna durante os primeiros 22 anos de vida. Empregando a miña nai como forma e método de traballo, realizo unha análise da principal teoría do apego, de Bowlby, así como as súas distintas etapas. Baseándome unicamente no resultado, encárome co meu traballo para chegar a analizar os primeiros 22 anos de vida, en metade do proceso de desapego materno-filial.

Coa cultura *kistch* como fronteira e o retrato como base, busco o enalzamento da figura materna, así como o apoderamento da muller no ámbito cotián. Lonxe quedan as reivindicacións de moitas loitadoras, fixándome e convertendo en única protagonista a Milagros, a miña nai.

MeCAGOenROS, 2020 / Bordado, la, madeira, abalorios e pelo / Tapiz: 265 x 245 cm / Coroa con peaña: 50 x 192 x 50 cm

MeCAGOenROS

Análisis de la conducta materna durante los primeros 22 años de vida. Empleando a mi madre como forma y método de trabajo, realizo un análisis de la principal teoría del apego, de Bowlby, así como sus distintas etapas. Basándome únicamente en el resultado, me encaro con mi trabajo para llegar a analizar los primeros 22 años de vida, en mitad del proceso de desapego materno-filial.

Con la cultura *kistch* como frontera y el retrato como base, busco el ensalzamiento de la figura materna, así como el empoderamiento de la mujer en el ámbito cotidiano. Lejos quedan las reivindicaciones de muchas luchadoras, fijándome y convirtiéndome en única protagonista a Milagros, mi madre.

MeCAGOenROS, 2020 / Bordado, lana, madera, abalorios y pelo / Tapiz: 265 x 245 cm / Corona con peana: 50 x 192 x 50 cm



ANTÓN YÁÑEZ SOUTO

(Moaña, 1998)

96

Proxecto: Mandrágora

Proxecto: Mandrágora é un cómic onde se narra a aventura dun mozo e os seus esforzos por solucionar un problema que afecta o destino do mundo; un problema polo que se sente culpable e, desta forma, deixar a súa consciencia tranquila.

Para a formalización do cómic recorreuse ao formato *OneShot*, unha sorte de «capítulo 0» para introducir o público lector ao que poderá ser unha historia maior. Nel presentaranse ideas fundamentais para desenvolver a historia, así como o universo ficcional onde se desenvolve, xunto co seu protagonista, coas súas inquietudes e metas.

Proyecto: Mandrágora

Proyecto: Mandrágora es un cómic donde se narra la aventura de un chico y sus esfuerzos por solucionar un problema que afecta al destino del mundo; un problema por lo que siente culpable y, de esta forma, dejar su consciencia tranquila.

Para la formalización del cómic se recurrió al formato *OneShot*, una suerte de «capítulo 0» para introducir a los lectores a lo que podrá ser una historia mayor. En él se presentarán ideas fundamentales para el desarrollo de la historia, así como el universo ficcional donde se desarrolla, junto con su protagonista, con sus inquietudes y metas.

Proxecto mandrágora, 2020 / Libro ilustrado / 215 x 175 cm

Proyecto mandrágora, 2020 / Libro ilustrado / 215 x 175 cm







PERFORMANCES

Doira B. Paratcha e Santi Prego
Sen título (O capital faime mal), 2021

Doira B. Paratcha y Santi Prego
Sin título (El capital me sienta mal), 2021





Sara Camaño
Arrastre. Unha reflexión sobre a miña propia vida, 2021

Sara Camaño
Arrastre. Una reflexión sobre mi propia vida, 2021



Do final
e do comezo

2021 :
**unha odisea
no pazo**

Do 3 ao 26
de Setembro



Facultade de Belas Artes
Universidade de Vigo



THE
YEAR
WE
MAKE
CONTACT

CINEMA TEATRO
JOÃO VERDE
ctjv

Faculdade de Belas Artes
Universidade de Vigo

GALERIA
DE ARTE
CTJV

PAF
Plataforma
Arte e Cultura
Municipal de Maribor

2021 :
The year we
make contact

11 DEZ | 14 JAN
2021



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

Facultade de Belas Artes
Universidade de Vigo